

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN FUNCIÓNS O DÍA 14 DE XUÑO DE 2023

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións, D. Óscar A. García Patiño

ASISTENTES:

D. Juan González Leirós
D.^a Lúa Sanguiñedo Álvarez
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto
D. Daniel Mallo Castro
D.^a María Dolores Pan Lesta

NON ASISTEN:

D.^a Elisa Pestonit Barreiros
D. Diego Alcantarilla Rei

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as once horas e corenta e seis minutos do día catorce de xuño do ano dous mil vinte e tres, réunese a Xunta de Goberno Local en funcións, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D.^a Lúa Sanguiñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro e D.^a María Dolores Pan Lesta.

Non asisten á sesión a Sra. concelleira D.^a Elisa Pestonit Barreiros e o Sr. concelleiro D. Diego Alcantarilla Rei.

Actúa como secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

ÚNICO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 9 DE XUÑO DE 2023 E Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 13 DE XUÑO DE 2023

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación ás actas da sesión extraordinaria celebrada en data 9 de xuño de 2023 e da sesión ordinaria celebrada en data 13 de xuño de 2023, das que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométense a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, decláranse aprobadas as actas das sesións extraordinaria realizada en data 9 de xuño de 2023, e ordinaria celebrada en data 13 de xuño de 2023.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e sete minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O presidente en funcións

Óscar A. Garcia Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo